

CONCELLO
DE VIGO



13º
FESTIVAL
DE JAZZ
DE VIGO



imaxinasons

DO 30 DE
XUÑO AO
8 DE XULLO
DE 2017



DOSSIER

Uri Caine Trio Feat: Kenny Davis e Clarence Penn

Marosa Jazz Project

Two in the Mirror

Abe Rábade Trío Once

David Puime Trío

Marc Ducret Trío

Albert Cirera Cirerot

Santiago Quintáns ARK

Javier Marcos Quinteto

Julián Elvira Fruita Prónimo e outros tubos intelixentes

Alfonso Calvo Septet Convidado especial: Ton Risco

Alejandro Vargas Trío

Carlos Bica & Trio Azul Feat: Frank Möbus e Jim Black

Yvisney Aguilar

Electric Succory

Alexander Von Schlippenbach Monk's Casino

Xan Campos ESD

Vivimos nunha cidade fermosa

ORGANIZA

Concellería de Cultura
do Concello de Vigo
Praza do Rei, 1. 36202 VIGO
Tel. 986 810 246
ofi.areacultural@vigo.org

Alcalde: Abel Caballero Álvarez

Concelleiro da Área de Cultura:

Cayetano Rodríguez Escudero

Xestión e coordinación xeral:

Jesús López Moure. Xefe do Servizo
de Xestión e Promoción Cultural

Dirección artística:

Lucía Martínez Alonso

INFORMACIÓN XERAL

www.imaxinasons.com
www.vigocultura.org
Servizo de Atención Cidadá: 010
(dende móbil ou fóra de Vigo
986.810.260)
Horario: de 08.00 a 20.00 h.
de luns a venres,
de 10.00 a 14.00h. os sábados

MODALIDADE DE ACCESO

AOS CONCERTOS

Venda anticipada a partir do 15 de xuño
www.ticketea.com

Concertos de pagamento:
Salón de actos do MARCO: 3 €
Auditorio Municipal do Concello: 5 €

Venda de entradas no mesmo día dos
concertos Nos despachos de billetes da
sala do concerto desde unha hora antes
do seu comezo

Entrada Libre até completar aforo:
Rúa Londres

Inscripción nas actividades da Academia
de Sons. A partir do 20 de xuño no
Servizo de Atención Cidadá 010.

Índice

- 1** Información xeral Imaxina Sons 2017
- 4** Introducción
- 7** Programación
- 10** Uri Caine Trio (Feat: Kenny Davis e Clarence Penn)
- 12** Abe Rábade Trío. *Once*
- 14** Marc Ducret Trio
- 16** Albert Cirera. *Cirerot*
- 18** Santiago Quintáns. *ARK*
- 20** Julián Elvira. *Frauta Prónimo e outros tubos intelixentes*
- 22** Alfonso Calvo Septet
- 24** Alejandro Vargas Trío
- 26** Carlos Bica & Trio Azul (Feat: Frank Möbus e Jim Black)
- 28** Yuvisney Aguilar. Concerto homenaxe a Gonzalo Villar.
- 30** Alexander Von Schlippenbach: *Monk's Casino*
- 32** Xan Campos ESD
- 34** Jazz na Noite / Jazz Fóra de Lugar
- 36** Academia de Sons

Intro

A 13ª edición do Festival de Jazz de Vigo Imaxina Sons, organizado polo Concello de Vigo, dá comezo o vindeiro 30 de xuño cun programa que, até o 8 de xullo, trae á cidade o talento do jazz europeo. Ou, sendo máis exactos, unha boísima representación, na que, ademais, destaca o talento galego. Con algunha excepción xeográfica, algo que non é inusual no festival de Vigo, como a proposta inaugural co compositor e pianista estadounidense **Uri Caine**, en formato trío xunto a **Kenny Davis** e **Clarence Penn**. Durante nove días consecutivos, a banda sonora de Vigo virá tamén da man de **Abe Rábade**, **Marc Ducret**, **Santiago Quintáns**, **Carlos Bica** ou **Xan Campos**, entre outros. Na última xornada do 13º Imaxina Sons, un dos grandes directores de orquestra de jazz, fundador da icona do *free*, a Globe Unity Orchestra, que aínda non visitara o festival: **Alexander Von Schlippenbach**, co seu Monk's Casino.

Monk's Casino é unha mostra de amor e irreverencia cara o traballo de Thelonius Monk, que a este seguramente lle tería agradado moito. Ou polo menos así pensou a crítica na saída do disco hai máis de dez anos. **Alexander Schlippenbach** (Berlín, 1938) atopou no cuarteto Die Enttäuschung un cómplice fundamental para abordar a obra de Monk, tan referente e revisitada. Monk's Casino en Imaxina Sons o sábado 8 de xullo co mesmo concepto que cando foi estreado, un espectáculo de jazz cunha volta absoluta ás súas raíces sen amplificación nin sistemas de son complicados. Só a música e a banda, iso é todo.

O traballo de Schlippenbach contribuíu decisivamente para o enriquecemento da linguaxe do piano na realidade post—Thelonius Monk. En 1966 forma a Globe Unity Orchestra, que se converteu nunha das iconas do free jazz en Europa. Por ela pasaron músicos como Kenny Wheeler, Enrico Rava, Albert Mangelsdorff, Steve Lacy e moitos máis. A finais dos oitenta formou a Orquestra de Jazz Contemporáneo de Berlín, de onde saíron unha serie de distinguidos músicos europeos de vangardias do jazz como Evan Parker, Paul Lovens, Kenny Wheeler, Misha Mengelberg e Aki Takase.

Se o berlinés aínda non estivera en Imaxina Sons, si estivo **Uri Caine**. Pasou polo festival na edición 2010 como parte do quinteto do trompetista de Nova York, Dave Douglas. En 2017, en trío con **Kenny Davis** e **Clarence Penn**, dous grandes da escena neiorquina, inaugura o venres 30 de xuño o festival. Se hai un adxectivo que se repite con Uri Caine é versatilidade. Desde a súa chegada a Nova York, Caine publicou trinta e dous álbums como líder. Gravou co seu jazz trío, co Bedrock Trio, co seu ensemble, interpretando arreglos de Mahler, Wagner, Beethoven, Bach e Schumann, así como solos de piano.

Jazz galego

É a décimo terceira edición de Imaxina Sons unha edición con moita música feita en Galicia. Xa na segunda xornada do festival, o sábado 1 de xullo **Abe Rábade** presenta en Vigo o seu traballo «Once». Once é o undécimo disco de Abe Rábade; ten once temas, xoga cos ritmos en once e co significado da palabra en inglés: «unha vez».

O xoves 6 de xullo coinciden na xornada **Alfonso Calvo Septet**, que reúne a algúns dos músicos máis relevantes do panorama jazzístico galego: os saxofonistas Pablo Castaño e Xosé Miguélez, o trompetista Rubén Salvador, o trombonista Luis Miranda, o pianista Manuel Gutiérrez e o batería Xabier Barral, e, na noite na Rúa Londres, Alejandro Vargas Trío, presentando o seu disco «Diablito Baila», nun concerto en colaboración coa Fundación SGAE.

Xa o sábado 8 de xullo, no peche de edición, **Xan Campos** co seu proxecto ESD, un traballo do pianista e compositor Xan Campos que marca unha diferenza cos seus discos anteriores conducindo cara sons máis eléctricos, jazz—rock e psiquedelia. Un cuarteto eléctrico, con dúas guitarras —que nalgúns temas son tres— e sen baixo, no que Xan Campos explora o mundo dos teclados e sintetizadores.

Haberá máis jazz de proximidade nos concertos programados en clubs e no espazo público. **Marosa Jazz Project** no Vitruvia Café (30 xuño) e **Javier Marcos Quinteto** en La Casa de Arriba (4 xullo). En sesión diurna, máis jazz en diferentes prazas e espazos da cidade da man de grupos como **David Puime Trío** (2 xullo) e **Electric Succory** (8 xullo)

Ecos eléctricos

Quizáis sexamos testemuña nalgún que outro momento do 13º Imaxina Sons de máis encontros entre o rock e o jazz. Vinte anos pasaron desde a edición de «Azul», o primeiro disco do trío de **Carlos Bica** con **Frank Möbus** e **Jim Black**, e o trío está de regreso, en disco e no escenario (7 xullo). Coa solidez do proxecto que o tempo transcorrido constatou. Da meditación á alegría, un disco que segue sorprendendo. Uns días antes, outra formación con guitarra eléctrica de luxo. **Marc Ducret** volve a Imaxina Sons (2 xullo), desta volta en formato trío. Ou mellor dito supertrío, con **Bruno Chevillon**, contrabaixo, baixo, e **Eric Echampard**, batería.

Inventores e emigrantes no MARCO

Nos concertos do MARCO do Imaxina Sons coinciden en 2017 tres grandes intérpretes e compositores que desenvolven boa parte do seu traballo alén das nosas fronteiras. O saxofonista **Albert Cirera** (3 xullo) e o frautista **Julián Elvira** (5 xullo), que presenta no festival o proxecto no que investiu anos de traballo: a frauta Prónimo e outros tubos intelixentes. Si, na emigración musical tamén está o vigués **Santiago Quintáns** (4 xullo), Fiel á guitarra eléctrica, cun traballo amplamente divulgado en conferencias e textos para revistas de musicoloxía. Integrado na paisaxe musical francesa, o Conservatorio da cidade de Le Mans convídao a dirixir o seu programa de jazz e músicas improvisadas en 2008.

Latin jazz, homenaxe a Gonzalo Villar

E, aínda que non é un habitual do Imaxina Sons, soará o latin jazz nesta edición. Co percusionista **Yuvisney Aguilar** na noite do venres 7 de xullo na rúa Londres nun concerto dedicado a Gonzalo Villar. Falecido o pasado mes de marzo, Villar foi un promotor e colaborador da música en directo, rexentando locais como El Malecón, Manteca ou Xancarajazz, centros de efervescencia musical diaria, que foron tamén espazos colaboradores de Imaxina Sons.

Programa

VENRES 30 DE XUÑO

Concerto de apertura

21:00 h. Uri Caine Trio (Feat: Kenny Davis e Clarence Penn).

Auditorio Municipal do Concello de Vigo

23:00. Jazz na Noite. Marosa Jazz Project.

Vitruvia Café

SÁBADO 1 DE XULLO

12:30 h. Jazz fóra de lugar. Two in the Mirror

Praza da Constitución

21:00 h. Abe Rábade Trío. Once.

Auditorio Municipal do Concello de Vigo

DOMINGO 2 DE XULLO

12:30 h. Jazz fóra de lugar. David Puime Trío

Navia-Teixugueiras

21:00 h. Marc Ducret Trio.

Auditorio Municipal do Concello de Vigo

LUNS 3 DE XULLO

11:00 h. Academia de Sons.

MARCO

20:30 h. Albert Cirera. Cirerot.

Salón de actos do MARCO

MARTES 4 DE XULLO

11:00 h. Academia de Sons.

MARCO

20:30 h. Santiago Quintáns. ARK.

Salón de actos do MARCO

22:30h. Jazz na Noite. Javier Marcos Quinteto.

La Casa de Arriba

MÉRCORES 5 DE XULLO

11:00 h. Academia de Sons.

MARCO

20:30 h. Julián Elvira. Frauta Prónimo e outros tubos intelixentes.

Salón de actos do MARCO

XOVES 6 DE XULLO

11:00 h. Academia de Sons.

MARCO

21:00. Alfonso Calvo Septet.

Auditorio Municipal do Concello de Vigo

23:00 h. Alejandro Vargas Trío.

Rúa Londres

VENRES 7 DE XULLO

11:00 h. Academia de Sons.

MARCO

21:00 h. Carlos Bica & Trio Azul (Feat: Frank Möbus e Jim Black).

Auditorio Municipal do Concello de Vigo

23:00 h. Yuvisney Aguilar. «Concerto homenaxe a Gonzalo Villar».

Rúa Londres

SÁBADO 8 DE XULLO

12:30 h. Electric Succory. Jazz fóra de lugar

Peonil do Calvario

21:00 h. Alexander Von Schlippenbach: Monk's Casino.

Auditorio Municipal do Concello de Vigo

23:00 h. Xan Campos ESD.

Rúa Londres



Uri Caine Trio (Feat: Kenny Davis e Clarence Penn)

Concerto de apertura
Venres 30 xuño, 21:00
Auditorio Municipal do Concello
de Vigo

Uri Caine ten o infalible talento de absorber completamente o esencial de calquera xénero e reconvertilo de tal forma que o subvirte. Pianista e compositor, Caine aporta un ecléctico abano de disciplinas e influencias á súa música, que abrangue moitos dos estilos musicais cos que medrou, influencias de rhythm and blues, gospel, jazz, que se combinan creando un novo tipo de música; sons e formas influenciados pola música pop, postos en contacto con sons vangardistas.

Uri Caine (Filadelfia, EUA, 1957) é un dos teclistas máis versátiles da última década. De formación tanto clásica como jazzística, tocou desde moi novo con grandes figuras como Philly Joe Jones e Joe Henderson. Traballou en grupos liderados por Dave Douglas —tivemos a oportunidade de velos xuntos en Imaxina Sons 2010—, Terry Gibbs, Arto Lindsay, Don Byron, etc. e os seus arranxos de composicións clásicas de, entre outros, Mahler e Beethoven tiveron unha magnífica acollida. Desde a súa chegada a Nova York, Caine publicou trinta e dous álbums como líder. Gravou cd's co seu jazz trío, co Bedrock Trio, co seu ensemble, interpretando arreglos de Mahler, Wagner, Beethoven, Bach e Schumann, así como solos de piano.

Kenny Davis naceu en Chicago. Trasládouse a Nova York en 1986, onde tocou con Out of the Blue, e en pouco tempo adaptouse á escena desta cidade. Empezou a tocar con Freddie Hubbards, Cassandra Wilson —foi arranxista da súa canción Blue Ligth Till Dawn, gañadora dun Grammy— Abbey Lincoln, Diana Reeves e Art Farmer, mentres estudaba música con Ron Carter. Durante os anos noventa, Davis fixo xiras con notables artistas de jazz como Herbie Hancock, Dianne Reeves en Art Farmer. No ano 2009 gravou o seu primeiro traballo como líder, *Kenny Davis* no selo Daken records.

Desde que chegou a Nova York, en 1991, **Clarence Penn** estivo tocando con grande cantidade de músicos, entre eles, Ellis e Wynton Marsalis, Betty Carter, Stanley Clarke, Steps Ahead, Makoto Ozone, Michael Brecker, Dave Douglas, Maria Schneider, Luciana Souza, Richard Galliano e Fourplay. A súa abraiante discografía inclúe varios centos de gravacións de estudio (entre elas, as gañadoras do Grammy, «34th» e «Lex» de Randy Brecker e «Concert in the Garden» e «Sky Blue» de Maria Schneider), ademais xirou moito por América, Europa, Xapón e o sureste asiático. Compuxo ademais música para películas e publicidade.

<https://www.uricaine.com/>
<http://www.kennydavis.net/>
<http://clarencepenn.com/>

Uri Caine, piano e teclados
Kenny Davis, baixo
Clarence Penn, batería



Rábade

Trío

Abe Rábade Trío Once

Sábado 1 xullo, 21:00
Auditorio Municipal do Concello de Vigo

Abe Rábade Trío presenta no 13º Imaxina Sons o seu último álbum, *Once* (Karonte/Nuba Records). Unha palabra con múltiples significados para o artista. Once é o undécimo disco de Abe Rábade; ten once temas, xoga cos ritmos en once e co significado da palabra en inglés: «unha vez». Xunto a Abe Rábade, no escenario Pablo Caminero no contrabaixo e Bruno Pedroso, na batería.

Nome imprescindible no jazz peninsular, **Abe Rábade** (Santiago de Compostela, 1977) participou nos últimos anos en diversidade de proxectos coa vontade manifesta de rachar etiquetas. Tiña catro anos cando empezou estudar música e aos dezasete anos foise aos Estados Unidos, onde se licencia *cum laude* en *Jazz Composition e Piano Performance* polo *Berklee College of Music* en Boston. Desde 2000 reside en Santiago de Compostela, e sen dúbida, o arranque da súa traxectoria profesional recibe un importante apoio un ano despois cando acada co seu trío e o traballo *Babel de Sons* (Xingra, 2001) o segundo premio no festival de Getxo e ademais recibe o premio Tete Montoliu ao mellor pianista revelación en España, outorgado pola SGAE. Actualmente compaxina a composición e a interpretación co seu labor docente e co—director no

Seminario de Jazz de Pontevedra, xunto a Paco Charlín.

Músico de formación clásica, o contrabaixista **Pablo Martín Caminero** (Vitoria, 1974) móvese con moita facilidade en diferentes ámbitos e con compañeiros moi variados. Sinfónico, barroco, flamenco e, por suposto, jazz. Así é este músico, que camiña tamén pola grande pantalla como compositor de bandas sonoras.

A conexión portuguesa do trío é o batería **Bruno Pedroso**, (Lisboa, 1969), un dos máis solicitados da escena do país veciño.

<http://aberabade.com>

Abe Rábade: piano e composición
Pablo Martín Caminero: contrabaixo
Bruno Pedroso: batería

Marc Ducret Trio



Marc Ducret Trio

Domingo 2 xullo, 21:00
Auditorio Municipal do Concello de Vigo

Comezou tocar porque o facían outros nenos e por ter algún acompañamento cando cantaba. Nin de lonxe pensaba **Marc Ducret** (París, 1957) adicarse á música profesionalmente, porén estando na universidade ofrecéronlle facer unha substitución nunha banda de *rhythm & blues* coa que estivo de xira durante un ano. Hoxendía é un dos máis reputados guitarristas europeos con proxectos a ambos lados do Atlántico. O Marc Ducret Trio fai vinte anos e para celebralo, nas súas propias palabras: «un repertorio especial recurrido á alquimia sonora particular destes músicos e a súa capacidade para asumir distintos papeis dentro dun mesmo fragmento».

Marc Ducret considérase un músico ecléctico que sitúa moitas das súas músicas favoritas nos anos sesenta e na música popular. Entre as súas constantes referencias, a música dos Beatles pola súa capacidade de inventiva, pero tamén os vellos discos de Hendrix, Aretha Franklin, Al Green ou Joni Mitchell. A música que cumpre a súa función é boa música, di, non importa se é simple ou complexa. Fundamentalmente guitarrista eléctrico, Ducret ten indagado noutros instrumentos de corda como a guitarra acústica, o baixo ou o oud —o laúde da cultura árabe—. Nos seus primeiros anos como guitarrista profesional colaborou con grupos de folk, proxectos de danza e diversos cantantes. En 1986 entra a formar parte

da Orquestra Nacional de Jazz de Francia coa que participa en máis de oitenta concertos e un ano máis tarde recibe o premio Django Reihardt seguido do galardón da revista *Jazz Hot* ao mellor guitarrista en 1988. É o momento de formar o seu propio trío e facer o debut discográfico: será *La Théorie du Pilier* (Label Bleu, 1988).

Nos noventa comeza a colaborar co saxofonista Tim Berne nas formacións *Big Satan* e *Science Fiction*, co que ten gravado máis de dez discos e co que actúa regularmente nos Estados Unidos. En 1997 pon en marcha unha estrutura estable e vixente a día de hoxe que é o trío formado co baixo **Bruno Chevillon**, da xeración de Ducret e considerado un dos mellores músicos de jazz de Francia, e o baterista **Eric Echampard**, representante da nova xeración de jazz galo. Para Ducret, é o seu laboratorio de ideas e con eles editou *L'Ombra di Verdi* (Screwgun, 1999) e dous directos en 2004 e 2006 respectivamente. En 2003 edita un dos seus proxectos máis ambiciosos *Qui parle?* (Sketch Records) no que ademais de Chevillon e Echampard, contou con dez músicos máis, tres actores e unha cantante. O jazz é só unha parte dun proxecto no que a música vai mutando con formas que viaxan da música popular á clásica contemporánea con retallos de country e rock.

<http://www.marcdurect.com/>

Marc Ducret, guitarra
Bruno Chevillon, contrabaixo, baixo
Eric Echampard, batería

Albert

Cirera



Albert Cirera. Cirerot

Luns 3 xullo, 20:30
Salón de Actos do MARCO

Cirerot é o proxecto a saxo solo de **Albert Cirera**. Despois dalgúns concertos esporádicos nos últimos anos en este formato, Cirera lánzase definitivamente á aventura en solitario, un camiño sen fin, abrupto e salvaxe. Equipado cos materiais, sons e recursos que foi adquirindo ao longo destes anos en diferentes contextos e situacións, o músico de Igualada propónse a procura da súa propia esencia; a súa propia voz, sendo consciente de que parte da equipaxe que leva, prestada ou atopada, quedará no camiño, transformarse ou simplemente envellecerá, deixando ao descuberto a alma do músico.

Anos de formación académica entre a música clásica e el jazz, seguido de anos de des—aprendizaxe e experimentación individual e colectiva, fan de Cirera un dos músicos máis versátiles e activos da península Ibérica.

Tocou e segue a facelo con músicos como Joe Morris, David Mengual, Joe Smith, Agustí Fernandez, Johannes Nästesjö, Massa Kamaguchi, Carlos Zingaro, Ulrich Mitzlaf, Dani Perez, Jaume Llombart, RJ Miller, David Soler, Celeste Alias, Alessandra Patrucco, Marc Egea, Tom Chant, Pablo Rega, Vasco Trilla, Olle Vikstrom, Julian Sánchez, Sonia Sanchez, etc. Desde 2011 liderou o seu propio cuarteto Albert Cirera & Tres Tambors, formando parte tamén de proxectos como Duot, Agustí Fernandez Liquid Trio/Quintet, Free Art Ensemble, LandSpace, Javier Galiana & the Spice Berberechos, Woookam, Triot, IED'8, Nelson Projecte, Asociacion Libre Orquestra, Esther Condal, El Petit de Cal Eril, etc.

<http://www.albertcirera.com/>

Albert Cirera, saxofón



Santiago Quintáns

Santiago Quintáns ARK

Martes 4 xullo, 20:30h
Salón de Actos do MARCO

ARK é un proxecto de **Santiago Quintáns** para guitarra, solo con electrónica. O músico continúa explorando as fronteiras entre composición, improvisación e música experimental, investigando as posibilidades da música moderna cunha ollada curiosa e inqueda. Fiel á guitarra eléctrica, pero cunha visión precisa de compositor, Santiago sintetiza tradición e modernidade en arriscados proxectos nos que non faltan nin sensualidade nin enerxía. As súas composicións para grupos de música contemporánea, compañías de danza ou grupos de jazz, apuntan a unha nova experiencia do fenómeno sonoro: a música como escultura en movemento, a escoita como xesto táctil e o espazo sonoro como zona de xogos aberta á improvisación.

Nacido en Vigo en 1975, Santiago instálase nos Estados Unidos en 1995. Alí estuda guitarra, jazz e composición na Universidade de Miami e comeza unha carreira internacional acompañando

a Kenny Wheeler e Maria Schneider, entre outros. O seu interese pola música moderna impúlsao a viaxar a París en 2003 onde participa como compositor e intérprete en estreas de contemporánea («Seven» de Peter Eötvös, con dirección de Mark Foster). Desde 2006 realiza un traballo de investigación sobre a guitarra eléctrica amplamente divulgado en conferencias e textos para revistas de musicoloxía (Appareil, JIM, Espacio Sonoro). Integrado na paisaxe musical francesa, o Conservatorio da cidade de Le Mans convídao a dirixir o seu programa de jazz e músicas improvisadas en 2008.

<http://www.santiquintans.com>

**Santiago Quintáns, guitarra,
electrónica**



Julián

Elvira

Julián Elvira

Tubos intelixentes

Mércores 5 xullo, 20:30h
Salón de Actos do MARCO

«Tubos intelixentes: A metáfora da xenética» é unha proposta baseada na relación que xurde entre o sopro e a vibración do aire dentro das frautas Prónimo e subcontraabaixa, pois nelas conviven o berro e o murmurio. O concerto enteiro supón unha exploración rigorosa dalgúns secretos que agacha a natureza esencial do son destes tubos. Cada proposta, cada mestura de ritmo ou melodía, cada bucle ou motivo, nace do minucioso traballo de investigación que apura as posibilidades tímbricas. Os conceptos clásicos a propósito do son que debe producir a frauta e os seus irmáns, os tubos, extínguense aquí e a mestizaxe colle forza, tórnase impredecible. Música de nova creación para frautas e electrónica con improvisación.

O frautista **Julián Elvira**, nacido en 1973, converteuse nos últimos anos en nome de referencia en canto á música experimental e de vangarda para frauta traveseira se refire, sendo, ademais, un dos intérpretes máis versátiles e transgresores do noso país. Tras terminar a carreira no Real Conservatorio de Música de Madrid, trasládase a Budapest, onde realiza un mestrado na Corvin University co profesor István Matuz sobre acústica da frauta enfocada a novas tendencias e performances, xénese do seu grande proxecto de vida; a creación da súa «Frauta Prónimo».

<https://pronomosflute.com>

Julián Elvira, frauta prónimo e outros tubos



Alfonso Calvo Septet

Alfonso Calvo Septet

Xoves 6 xullo, 21:00

Auditorio Municipal do Concello de Vigo

«Sea ahead» (FreeCode JazzRecords 2016) é o segundo traballo como líder do contrabaixista compostelán Alfonso Calvo, nesta ocasión en formato de septeto. As composicións exploran as enormes posibilidades arranxísticas dun ensemble de formato medio coma este, con referencias evidentes ao hard bop e ao jazz modal, sen perder o enfoque persoal. O septeto participou no Festival de Jazz de Rianxo, BurgoJazz e Festival de Jazz de Lugo. En 2017 está xa confirmada a súa presenza nas Noites de Jazz do concello de Cambre e no Festival de Jazz de Betanzos. Actualmente preparan a gravación do seu seguinte traballo discográfico que verá a luz en 2018. Integran o septeto algúns dos músicos máis relevantes do panorama jazzístico galego: os saxofonistas Pablo Castaño e Xosé Miguélez, o trompetista Rubén Salvador, o trombonista Luis Miranda, o pianista Manuel Gutiérrez e o batería Xabier Barral. No concerto do 13º Imaxina Sons, con Ton Risco, vibráfono, como convidado especial.

«*Sea Ahead* destaca por méritos propios, é cerebral, ofrece refinadas improvisations, e ten o sentido esencial do swing necesario. (...) The Alfonso Calvo Septet é unha extensión de Calvo, un músico instrospectivo, cun obxectivo. Natural de Santiago de Compostela, está ben preparado, cunha ampla formación e asimilou a complexidade da composición no jazz, mentres vai construíndo de maneira firme unha reputación como contrabaixista de primeira». James Nadal, All About Jazz.

Pablo Castaño, saxos alto, soprano
Xosé Miguélez, saxo tenor, frauta
Rubén Salvador, trompeta, fliscorno
Luis Miranda, trombón
Manuel Gutiérrez, piano
Alfonso Calvo, contrabaixo
Xabier Barral, batería
Convidado especial: Ton Risco, vibráfono



Alejandro Vargas Trío

Alejandro Vargas Trío

Xoves 6 xullo, 23:00
Rúa Londres

O gañador na categoría jazz da Convocatoria Galicia Creativa 2016 organizada pola Fundación SGAE, presenta o seu novo disco «Diablito baila». A formación está integrada por Alejandro Vargas, piano, Jose Manuel Díaz, contrabaixo, e L.A.R Legido, batería, cunha traxectoria de seis anos de creación colectiva abranguendo linguaxes que van desde a música contemporánea, ao jazz ou á música afrocubana.

Como trío formaron parte de relevantes proxectos dentro de formacións dirixidas por Alejandro Vargas, sempre desde un traballo de cámara e con diferentes formatos desde dúo, trío, 4to, 5to até 8to. Discos como «Miniaturas de Eugenio Granell», que gañou o Premio Especial nos Premios Cubadisco, compartindo esta alta distinción con artistas da altura da cantante Omara Portuondo.

O estilo musical desta formación vai desde o abstracto até o máis tradicional, onde os estándares de jazz e a música popular cubana son levados á estética da improvisación libre, onde se explora e extralimita a forma tradicional de tocar os instrumentos incorporando diferentes

obxectos sonoros que enriquecen a súa linguaxe, son e performance. Na actual proposta musical atopamos temas onde se recrea a sonoridade do órgano oriental lembrando a estética rural dos campos cubanos, desde o changüí até o mambo de Pérez Prado; outros temas lévannos ás orixes do blues ou ás cores de Monk para sorprendernos co contraste de propostas achegadas ao minimalismo que fan do directo unha fantasía artística.

Alejandro Vargas Trío desenvolve un sólido traballo de improvisación, garantindo en todos os seus concertos a vibración que xera a enerxía da creación. O virtuosismo dos intérpretes cativa o público desde o primeiro minuto pola súa técnica instrumental e a grande sensibilidade no tratamento dos temas.

www.alejandrovargas.info

Alejandro Vargas, piano
Jose Manuel Díaz, contrabaixo
L.A.R Legido, batería



Carlos Bica & Trio Azul

Carlos Bica & Trio Azul (Feat: Frank Möbus e Jim Black)

Venres 7 xullo, 21:00
**Auditorio Municipal do Concello
de Vigo**

Vinte anos pasaron desde a edición de «Azul», o primeiro disco do trío de Carlos Bica con Frank Möbus e Jim Black, e o trío está de regreso, en disco e no escenario. Coa solidez do proxecto que o tempo transcorrido constatou, pero tamén coa frescura que caracteriza aos tres músicos, queren ir máis lonxe. Sen repetirse e sen contentarse co que xa fixeron – e foi, como se pode imaxinar, moito. Cos Azul retornados de 2016 reconecemos a identidade da escrita de Bica e do son construído por estes tres mestres do jazz do século vinte e un, pero descubrimos algo máis, entre o que estaba xa anunciado nos discos anteriores e o que non agardabamos de todo.

Un exemplo do primeiro caso é «Silver Dagger», arranxo dunha vella canción folk norteamericana na que se carga na vertente blues, con «A Lã e a Neve» representando o segundo exemplo da mellor maneira, irrompendo con rock, que a alianza composicional do

contrabaixista con João Paulo Esteves da Silva non facía supor. En relación ao restante repertorio, son moitas as vías percorridas, unhas na liña meditativa e lírica que tanto define o «estilo» de Carlos Bica («Na Rama do Alecrim», tema do cante alentexano), outras cun toque xovial e alegre, como «Skeleton Dance», e outras que aparecen como frescos de inaudita complexidade, empezando pola contaxiosa «X.Y.U.».

Sorprenderse con estes músicos é un bo motivo de celebración. Vinte anos depois, aí están os Azul de Carlos Bica, mellores que nunca.

<http://www.carlosbica.com>

Carlos Bica, contrabaixo
Franck Möbus, guitarra eléctrica
Jim Black, batería



Yuvisney

Aguilar

Yuvisney Aguilar

Venres 7 xullo, 23:00
Rúa Londres

Yuvisney Aguilar naceu no municipio San Luis (Pinar del Río, Cuba). O seu interese pola arte comezou a partir dos seis anos cando integrou un proxecto comunitario para nenos afeccionados á cultura que consistía en cantar cancións infantís e éxitos dos anos oitenta. Desde moi novo obtivo varios premios en diferentes festivais infantís e eventos, tanto como cantante solista, instrumentista de grupo infantil Súmate e como percusionista. Estudou música na Escola Vocacional de Arte «Pedro Raúl Sánchez» a partir dos dez anos e despois continuou os seus estudos na Escola Profesional «Carlos Hidalgo», (ambas na provincia Pinar del Río) onde se graduou finalmente na especialidade de percusión no ano 2001.

Yuvisney Aguilar é director do grupo Manana. Actualmente é percusionista do cuarteto de Chuchito Valdés, Sandra Carrasco, Chuck Loeb e Carmen Cuesta, Pepe Rivero and Touch Of Clazz, Cuban Jazz Quintet, «Habana—Madrid Sax», «CMQ Big Band» e outros.

www.yuvisney.blogspot.com

Alexander Von Schlippenbach



Alexander Von Schlippenbach Monk's Casino

Sábado 8 xullo, 21:00
**Auditorio Municipal do Concello
de Vigo**

Foron necesarios uns dez anos de investigación sobre todas as súas escalas e gravacións para traer todas as cancións de Monk á vida con este «tour de force». O disco Monk's Casino (Intakt Records, 2005) foi unha grande sorpresa para a audiencia e os medios de comunicación, con todas as composicións de Monk incluídas, setenta reunidas en tres discos; a teima dun dos directores de orquestra de jazz libre máis importantes de Europa, o pianista Alexander von Schlippenbach, quen mestura na súa música elementos clásicos, libres e contemporáneos e que cos seus solos roza con frecuencia o vínculo entre os dous nas súas composicións. O traballo do músico berlinés contribuíu decisivamente para o enriquecemento da linguaxe do piano na realidade post-Thelonious Monk.

Monk's Casino é unha mostra de amor e irreverencia cara o traballo de Thelonious Monk, que a este seguramente lle tería agradado moito. Ou polo menos así pensou a crítica na saída do disco hai máis de dez anos. Schlippenbach atopou no cuarteto Die Enttäuschung un cómplice fundamental para abordar a obra de Monk, tan referente e revisitada. Monk's Casino en Imaxina Sons co mesmo concepto que cando foi estreado, un espectáculo de jazz cunha volta absoluta ás súas raíces sen amplificación nin sistemas de son complicados. Só a música e a banda, iso é todo.

Schlippenbach (Berlín, 1938) comezou a tomar clases con só oito anos, realizou os seus estudos na Academia Estatal de Música de Colonia cos compositores Bernd Alois Zimmermann e Rudolf Petzold. Tocou con Gunther Hampel en 1963, e co quinteto de Manfred Schoof de 1964 a 1967. Schlippenbach comezou a dirixir varias bandas despois de 1967, entre eles un trío con Evan Parker e Paul Lovens e un dúo con Sven-Ake Johansson. En 1966 escribe a composición «Globe Unity» e para estreala forma unha big band con músicos de diferentes países europeos, todos eles relacionados co free jazz. A Globe Unity Orchestra converteuse nunha das iconas do free jazz en Europa. Por ela pasaron músicos como Kenny Wheeler, Enrico Rava, Albert Mangelsdorff, Steve Lacy e moitos máis.

A finais dos oitenta formou a Orquestra de Jazz Contemporáneo de Berlín, de onde saíron unha serie de distinguidos músicos europeos de vangardia do jazz como Evan Parker, Paul Lovens, Kenny Wheeler, Misha Mengelberg e Aki Takase. En 1999 comezou a gravación das obras completas de Thelonius Monks (todas as composicións) con Rudi Mahall e o seu grupo Die Enttäuschung. Posúe varios premios: Premio de Arte da cidade de Berlín», Premio Albert Mangelsdorff, Premio SWR Jazz 2007, etc.

<http://www.avschlippenbach.com/>

Alexander v. Schlippenbach, piano
Axel Dörner, trompeta
Rudi Mahall, clarinete baixo
Jan Roder, contrabaixo
Oli Steidle, batería

Xan

Campos



Xan Campos

ESD

Sábado 8 xullo, 23:00

Rúa Londres

ESD, o novo traballo do pianista e compositor Xan Campos (Cangas, 1987), marca unha diferenza cos seus discos anteriores (Ida e Volta, 2007; Orixe Cero, 2011; Ectropía, 2014) conducindo cara sons máis eléctricos, jazz—rock e psiquedelia. Campos medrou musicalmente no Seminario Permanente de Jazz de Pontevedra, no Musikene do País Vasco e posteriormente facendo o European Jazz Master, que o levou dunha cidade a outra de Europa. Tras máis de 10 anos tocando e gravando en contextos acústicos como o salientable Xan Campos Trio ou a través de colaboracións con Ambrose Akinmusire, Walter Smith III, Logan Richardson, Marcus Strickland, Lage Lund, Marcus Gilmore, Perico Sambeat, Jorge Rossy ou Matt Brewer entre outros, trae o seu novo proxecto ESD a Imaxina Sons 2017.

En ESD (Free Code, 2016) atopamos un cuarteto eléctrico, con dúas guitarras e sen baixo, no que Campos explora o mundo dos teclados e sintetizadores e que está caracterizado polo seu son roqueiro e o seu enfoque orgánico. Virxilio Da Silva (guitarra) Wilfried Wilde (guitarra) Xan Campos (teclados) Iago Fernández (batería) Sen renunciar aos cimentos do jazz, Xan Campos persegue un estilo fresco, actual, deixándose influenciar polo que pasa ao seu redor e as vangardas musicais e convencido que de o jazz non só pertence ás salas especializadas.

O proxecto está estruturado en dous tipos de temas, que se van alternando. Por un lado, as composicións máis roqueiras de sonoridade máis crúa, e como ponte de unión entre eles as gamas de «cores» que son improvisacións libres e psicodélicas a trío, na que participa un guitarra máis, Yoel Molina.

www.xancampos.com

Virxilio Da Silva, guitarra
Wilfried Wilde, guitarra
Xan Campos, teclados
Iago Fernández, batería
Colaboración: Yoel Molina, guitarra



Academia de Sons 2017

ACADEMIA DE SONS 2017

Do luns 3 ao venres 7 de xullo
no MARCO

Bota un ollo, que seguro que hai algo para ti! Un convite á interacción entre xeracións convidando a pequenos e maiores a experimentar ao redor da música, da improvisación e do jazz, pero tamén do audiovisual, do canto e da danza.

Luns 3 xullo. Obradoiro de improvisación con Saúl Puga.

Estudo H.A.L.O: Obradoiro de Improvisación Libre
Horario: De 11:00h a 13:00h
Destinatarios: O taller vai destinado a todo aquel que toque un instrumento, e teña certa soltura e dominio del. Non hai límite de idade, nin fai falta titulación.
Prazas: Un máximo de 12 alumnos activos. Poden vir máis alumnos como oíntes e tamén poderán levar os seus instrumentos e participar dun xeito práctico.

Martes 4 xullo. Obradoiro con Mónica de Nut: Desconcerto de gritos para coro e solistas en sol maior

Horario: De 11:00h a 14:00h
Destinatarios: Todos os públicos a partir de 6 anos
Prazas: 30

Mércores 5 xullo. Obradoiro con Julián Elvira: Tubocatessen

Horario: De 11:00h a 13:00h
Destinatarios: Todos os públicos a partir de 7 anos. Julián Elvira presenta a fruta Prónimo nesta edición do festival.
Prazas: 25 prazas

Xoves 6 xullo. Obradoiro con Roi Fernández (SrPause): Cine en directo

Horario: De 11:00h a 13:30h
Destinatarios: A partir de 11 anos
Prazas: 12 prazas

YEP! En concerto

Horario: De 13:30h a 14:00h
Un grupo de estudantes do Conservatorio Superior de Música de Vigo e amantes de jazz ao vivo na rúa. O jazz máis noviño de Vigo en directo no exterior do MARCO.

Venres 7 xullo. Obradoiro con Olga Cameselle: Jazzmove

Horario: De 11:00h a 13:00h
Destinatarios: De 6 a 14 anos
Prazas: 15 prazas

Inscripción nas actividades da Academia de Sons. A partir do 20 de xuño no Servizo de Atención Cidadá 010.



Jazz na Noite / Jazz Fóra de Lugar

Jazz na Noite

Marosa Jazz Project
Venres 30 xuño. 23:00.
Vitruvia Café

Marosa Jazz Project, desde Burela, está formado por Bruno Valle, Roberto Bouça, Mario Arranz, Rubén Montes, Christian Delgado e Israel Arranz e o seu último disco leva como título «Lémbrame». Aquí seguen aprofundando na linguaxe do latin-jazz e incorporan ao mesmo o vibráfono como algo pioneiro. Israel Arranz compositor de practicamente todos os temas, salvo un que é peza de Dimitris Angelakis, vibrafonista grego e figura destacada.

Javier Marcos Quinteto
Martes 4 xullo. 22:30.
La Casa de Arriba

Javier Marcos (Vigo, 1969) é unha das escasas voces do jazz feito en Galicia, asiduo das jams de jazz da súa cidade, grazas ao que, desde 2012 lidera o seu propio trío con guitarra e contrabaixo. Gravou o seu primeiro disco, Ten Dez, en formación de quinteto con: Rosolino Marinello no saxo tenor e clarinete baixo, Felipe Villar, guitarra, José Manuel Díaz, contrabaixo, e Max Gómez, batería. Interpretando una recopilación de arranxos de standards e outras cancións, en inglés ou galego-portugués, e abordadas (en esencia) desde unha perspectiva de igualdade e amor desidealizado.

Jazz Fóra de Lugar

Two in the Mirror
Sábado 1 xullo. 12:30.
Praza da Constitución


Two in the Mirror son Noelia Álvarez, voz, e Paco Dicenta, baixo. Jazz, soul, funk, pop no seu repertorio.

David Puime Trío
Domingo 2 xullo. 12:30.
Navia-Teixugueiras

O trío formado polo baterista vigués David Puime, con Dani Font á guitarra e Alex Touceda ao contrabaixo, interpreta un repertorio jazzístico, baixo a influencia de grandes guitarristas como Jim Hall ou Wes Montgomery, entre outros.

Electric Succory
Sábado 8 xullo. 12:30.
Peonil do Calvario

Composicións orixinais e temas de referencia, encadrados no jazz eléctrico, funk ou a fusión. Esa é a base. Dentro dunha linguaxe contemporánea, o grupo mantén un diálogo musical a catro voces, repleto de exploracións rítmicas, harmónicas e melódicas. Ese é o camiño para eles. Gozar e facer gozar á xente coa música. Ese é o fin. Electric Succory son: Kely García, guitarra eléctrica. Antonio López «Monano», teclados, Gustavo Hernán, baixo eléctrico, e Diego Valero «Noti», batería.



**CONCELLO
DE VIGO**



**13º
FESTIVAL
DE JAZZ
DE VIGO**

imaxinasons

**DO 30 DE
XUÑO AO
8 DE XULLO
DE 2017**


www.imaxinasons.com

Máis info:

www.vigocultura.org



ticketea

 902 044 226